



CCOO INFORMA N.21

AXUDAS PARA A CONCILIACIÓN

En que consiste?

Ten por obxecto establecer as bases reguladoras e a convocatoria das axudas á conciliación da vida familiar e laboral do ano 2024 coa finalidade de fomentar a asunción, especialmente por parte dos homes, dos dereitos asociados coa corresponsabilidade e coidados. Serán subvencionables as situacións de redución de xornada de traballo para o coidado de fillos e fillas, no período comprendido entre o 1 de agosto de 2023 e o 31 de xullo de 2024, ambos os dous incluídos.

Quen pode beneficiarse?

Poderán ser beneficiarias das axudas previstas nesta convocatoria as persoas físicas que no período comprendido entre o 1 de agosto de 2023 e o 31 de xullo de 2024, ambos os dous incluídos, se acollan á medida de redución de xornada para o coidado dun fillo ou filla menor de tres (3) anos, ou menor de doce (12) anos no suposto de que padeza unha discapacidade recoñecida de porcentaxe igual ou superior ao 33 %, e que reúnan os seguintes requisitos:

- a) No caso de unidades familiares non monoparentais de persoas proxenitoras de distinto sexo, co obxectivo de fomentar a corresponsabilidade, poderán ser beneficiarios os homes que se acollan á redución de xornada laboral para o coidado de fillas e fillos segundo o establecido no artigo 6 desta orde e sexan traballadores por conta allea, tanto da empresa privada como das administracións públicas, organismos autónomos, entes públicos de dereito privado e empresas públicas dependentes delas, con independencia de que o seu vínculo sexa laboral, funcional ou estatutario.
- b) No caso de unidades familiares non monoparentais de persoas proxenitoras do mesmo sexo, poderá ser beneficiaria a persoa, home ou muller, que se acolla á redución de xornada laboral para o coidado de fillas e fillos segundo o establecido no artigo 6 desta orde e sexa persoa traballadora por conta allea, tanto da empresa privada como das administracións públicas, organismos autónomos, entes públicos de dereito privado e empresas públicas dependentes delas, con independencia de que o seu vínculo sexa laboral, funcional ou estatutario.
- c) No caso de unidades familiares monoparentais, poderá ser beneficiaria a persoa, home ou muller, que se acolla á redución de xornada laboral para o coidado de fillas e fillos, segundo o establecido no artigo 6 desta orde, e sexa persoa traballadora por conta allea, tanto da empresa privada como das administracións públicas, organismos autónomos, entes públicos de dereito privado e empresas públicas dependentes delas, con independencia de que o seu vínculo sexa laboral, funcional ou estatutario.

Contía das axudas

A contía desta axuda determinarase en función da porcentaxe de redución da xornada laboral e da súa duración, en atención ao número de fillas e fillos a cargo da persoa solicitante, de acordo cos seguintes tramos e custos unitarios:

- a) Cando a redución de xornada sexa de entre o 12,5 % e ata o 25 % dunha xornada laboral a tempo completo e a súa duración se estenda á totalidade do período subvencionable (8 meses):
- 1º. Cun fillo ou filla a cargo: 1.700,00 euros (custo unitario nº 1).
 - 2º. Con dous fillos ou fillas a cargo: 2.000,00 euros (custo unitario nº 2).
 - 3º. Con tres ou máis fillos ou fillas a cargo: 2.300,00 euros (custo unitario nº 3).
- b) Cando a redución de xornada sexa superior ao 25 % e ata o 37,50 % dunha xornada laboral a tempo completo e a súa duración se estenda á totalidade do período subvencionable (8 meses):
- 1º. Cun fillo ou filla a cargo: 2.800,00 euros (custo unitario nº 4).
 - 2º. Con dous fillos ou fillas a cargo: 3.100,00 euros (custo unitario nº 5).
 - 3º. Con tres ou máis fillos ou fillas a cargo: 3.400,00 euros (custo unitario nº 6).
- c) Cando a redución de xornada sexa superior ao 37,50 % dunha xornada laboral a tempo completo e a súa duración se estenda á totalidade do período subvencionable (8 meses):
- 1º. Cun fillo ou filla a cargo: 3.100,00 euros (custo unitario nº 7).
 - 2º. Con dous fillos ou fillas a cargo: 3.400,00 euros (custo unitario nº 8).
 - 3º. Con tres ou máis fillos ou fillas a cargo: 3.700,00 euros (custo unitario nº 9).

Para o cómputo do número de fillos e fillas, teranse en conta unicamente os fillos e fillas menores de doce (12) anos, nalgún momento do período subvencionable, incluíndo aqueles polos/as cales se solicita a redución de xornada.

A contía da axuda reducirase proporcionalmente cando o período subvencionable sexa inferior a oito (8) meses ou cando a xornada se realice a tempo parcial. Para o cálculo da contía da axuda, computaranse meses de trinta (30) días.

Presentación de solicitudes e prazo

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

Máis información

DOG Núm. 153 Xoves 8 de agosto dew 2024- Páx. 45791

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

ORDE do 2 de xullo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas para a conciliación da vida familiar e laboral por redución da xornada de traballo, como medida de fomento da conciliación e corresponsabilidade, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento SI440A).

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240808/AnuncioG0762-010824-0002_es.pdf